

O velorio do mar. O loito da area. Os escolares vestidos de peixiños. As tumbas das gaivotas. Os cadaleitos do Océano. As máscaras. O Apóstolo vestido de voluntario. A politización do Pulpo. A indignación do Centolo. Unha dimensión central dos movementos de protesta contra o *Prestige* foi a súa capacidade de convocar dun xeito festivo, non exento de dor e de fondura, o imaxinario popular, con todas as súas tradicións, para se facer cargo do desastre natural. Peliqueiros, enterros da Sardiña, exvotos, cacharelas, mecos, Santos Inocentes, Reis Magos, fantoches e máscaras, de toda caste e sorte e condición, foron ritos e festas mobilizados para afrontar a crise do chapapote, como se as forzas máis antigas da tradición fosen convocadas para loitar contra a catástrofe ecolóxica. Fronte a toda a morte que trouxo o mar, arrepiúxose a conciencia de ser parte dun mundo habitado por vidas alleas pero das que dependemos. A esa conciencia política o Entroido galego doulle unha gramática.

TODAS AS FORZAS DO ENTROIDO


Neste módulo farémonos cargo desa mobilización do popular, das tradicións galegas, que van da matanza do porco aos maíos, do entroido ao culto xacobeo. Hai todo un fondo etnográfico activo durante o Nunca Máis, posto ao servizo da produción de formas de protesta. Moitas das creacións máis orixinais do movemento están fondamente enraizadas nas tradicións, pero vivas, susceptibles de se activaren na defensa e comprensión do seu presente. Os imaxinarios dos traballos, dos oficios, os ritos da cociña, da colleita, as festas, os loitos, todo o patrimonio inmaterial e popular, forneceu un rico repertorio de símbolos e técnicas, que deu ás protestas o seu carácter fundamentalmente colectivo. As tradicións ancestrais reactiváronse en clave festiva e emancipadora. Iso, en por si, non era nada novo: a novidade era a forza, a multiplicación, a densidade desta activación. Mais a politización da cultura popular é unha constante das loitas veciñais, sindicais e ecolóxicas. Hai unha gramática popular da protesta que bebe da celebración e da troula, que expresa a dor e o enfado. Pero poucas veces tivo tanta importancia, poucas veces se fixera tan presente.

A morte de milleiros de vidas –non só as vidas son humanas– inocentes que trouxo o *Prestige* requiriría de corpos para choralas, para darlles un lugar onde couberan. A lóxica do exvoto, como a do meco, é a da transferencia. Búscase permitir, mediante unha forma, conxurar a dor, a morte, o mal, a enfermidade, a culpa. Hai moito de maxia simpática nos traballos artísticos da protesta, igual que hai moito de rito no entroido galego, e nas súas moitas festas afíns. O primeiro ciclo do *Nunca Máis* coincidiría co ciclo das festas de inverno. Vai case de Defuntos ao San Xoán. Esa coincidencia acelerou a sincronía de formas e de eventos. Se os entroidos ritualizan a renovación do cosmos, a ordenación na repetición da vida, promovendo a fertilidade e descartando os elementos negativos, no ano 2003 este mandato actualizouse ante a evidencia da ameaza ecolóxica. A protesta colectiva foi un gran loito. O enterro do mar foi o seu tema principal. Un loito cheo de intelixencia e de celebración da vida. Porque a cultura popular sabe chorar cun ollo, e rir co outro.

OS ENTERROS PARÓDICOS

Loito e burla, riso e choro son (ou eran) actividades en disputa que fan comunidade. Nos enterros da Sardiña, do Galo Buxo, do Paxaro do Mal Agoiro dáselle a volta á liturxia, aos sermóns do cura, ás ladaíñas, a seriedade instituída da morte. Teñen sempre unha carga política: no enterros burlentos cóllense as formas do funeral para combater os seus responsables, transfórmase a dor e o medo en forza e en determinación mediante o riso. Cadaleitos, cruces, enterradores, mesmo bandas de música e, sobre todo, choradeiras van no cortexo. Os enterros paródicos son tamén un dispositivo habitual na protesta ecolóxica (no afundimento do Casón, nas loitas de Touro ou Estribela). Tamén dentro do xigantesco Enterro do Mar que foi o ciclo de protestas do Prestige. Eran parte dunha limpa simbólica.

O 28 de decembro o «Velorio do Mar», na praia de Orzán, na Coruña, foi a máis importante destas accións, na que presenciamos féretros con nomes de petroleiros afundidos e tumbas co nome de «dimisión» ou «asasinos». Eses mesmos ataúdes reapareceron, entre outras moitas ocasións, na manifestación do 23 de Febreiro en Madrid, xunto cunha xigantesca réplica do Prestige, transformado nunha espectral nave-cadaleito que, en vez de Ponte de Mando, levaba un conxunto de televisións emitindo noticias falsas. As recorrencias deses barcos-tumbas fálanos da necesidade de conxurar toda a morte fuxida do cadáver do Prestige, de devolver o chapapote-sangue ao «corpo» do que xurdiu.



Celebración do Velorio ó Mar, 28 de decembro de 2002, Praia de Orzán (A Coruña). Foto Federico García Cabezón, Arquivo Vivo UGBN.

OS SANTOS INOCENTES DE 2002

O 28 de decembro atoparon morto a Manfred Gnädinger. Esa broma pesada recordounos a relación entre a inocencia e o sacrificio. Moitas das figuriñas que se escolleron para brincar cos transeúntes tiveron forma de exvoto. Dun lado, a acción das autoridades excedera os límites do soportable, doutra banda cumpría devolver, aínda como humor, toda aquela violencia. O símbolo de Burla Negra foi un monicreque, *Burliño*, que apareceu na carpa do País de Nunca Máis. Houbo moitas protestas onde a bonequización era unha estratexia de intervención. Porque a indignación xorde da ira dos pacíficos.



Pancarta co burliño que representaba á plataforma Burla Negra, 2002. Foto Roberto Ribao, Arquivo Vivo UGBN.

A PROCESIÓN DAS MALETAS

O 9 de febreiro unhas 200.000 persoas xuntáronse na Coruña. Moitas levaban maletas de fabricación propia, aludindo á emigración como constante histórica, vencellada á imposibilidade política de construír vidas dignas na terra. «Desterrados na propia patria» díxose citando a Castelao e a Rosalía. A relación entre emigración e morte, a comprensión do Prestige nun marco colectivo de memoria histórica e dignidade, foi un eixo constante no movemento, desde as pancartas dos grandes ou as cartas dos pequenos.

EXVOTOS E DIFUNTOS

As aves, peixes e plantas realmente mortas pola marea negra retornaron en formas de cartón, de plástico, en imaxes políticas. E así foron enterradas, simbolicamente, como un modo de traballar colectivamente pola súa recuperación. A través de *performances*, exposicións, debuxos, obras de teatro, cabalgatas de entroido miles de nenos en colexios e institutos, contra a presión das autoridades, fixeron ese loito. Milleiros de cidadáns replicaron este xesto colocando nos escaparates improvisadas representacións de acuarios, ou recortando formas de animais para acudir con elas ás manifestacións. Como un pobo de sombras, viñan con corpos prestados para pedir xustiza. Foi deste xeito como a fauna se manifestou: as criaturas do mar e do aire viñeron ás protestas cumprindo, dun xeito moi paisano, os desexos políticos de Bruno Latour cando falaba dun «Parlamento das cousas», no que as baleas ou os glaciares tivesen representación. E así, un cartaz podía asegurar: «ameixa, croque e longueirón, piden dimisión».



Mar dos Exvotos, instalación no IES Universidade Laboral de Ourense, 2003. Arquivo Vivo UGBN.

A SANTA COMPAÑA DAS AVES

O número de aves afectadas polo Prestige, de Portugal a Francia, segundo algúns estudos oscilou entre 115.000 e 230.000. As especies propias de mar aberto foron as máis afectadas. O movemento de recollida, limpeza e salvamento das aves marítimas e outras especies colleu moita forza desde o principio. Cidadáns acudían cos alcatraces mortos ás manifestacións, como quen porta o cadáver dun ser querido, esixindo unha restitución. Moitos remedaron corvos mariños, albatros e mesmo araos con cartón ou con plásticos para se disfrazar deles. Un grupo de estudantes capitaneados por Mónica Montero levaron un complexo repertorio de animais ás rúas: a súa «*Árbore dos paxaros*» (2003) imaxinaba unha sorte de «casa de acollida», un fogar para aquelas almas defuntas. Sen dúbida será a «*A Gaivota Petroleada*» (Pepe Penabade, 2003) a creación máis popular neste sentido, sobrevoando co seu chílo de indignación canta manifestación houbo nestes anos. Aínda ás veces reaparece nas protestas ecoloxistas actuais.



Profesoras de ensino portando árbore de paxaros na concentración en Ribeira, 2003. Foto Raquel Mitegala, Arquivo Vivo UGBN.

Eu chámome Jairo e son dun pobo da Costa da Morte chamado Malpica de Bergantiños. Os nenos e nenas do litoral galego atrevémonos a pedir no nome dos nenos e nenas dos litorais galegos que deixen de comprar bombas e que compren buques anticontaminación. A miña amiga María dixo que o seu bisavó emigrara, que o seu pai emigrou e ela tamén emigrou e que o seu fillo vai ter que emigrar.

Cartas de Reis de nenos galegos ao Congreso,
6 de xaneiro de 2003



Manifestación das Maletas, A Coruña. Foto Roberto Ribao, Arquivo Vivo UGBN.

O «MAR DOS EXVOTOS»

IES UNIVERSIDADE LABORAL DE OURENSE, 2003

O IES Universidade Laboral de Ourense foi un de tantos centros educativos que organizaron traballos creadores ao redor do Prestige, ofrecendo unha instalación artística de gran complexidade. O dispositivo incluía un voluntario a modo de meco, unha rocha con versos como monumento funerario, unha colección de debuxos, un conxunto de *collages* e, sobre todo, unha sorte de escultura móbil pendurada da parede representando o mar con todos os seus habitantes. Unha longa liña horizontal mimaba a superficie das olas e dela baixaban, representados con ex-votos, figuras coas que evocar a riqueza e pluralidade das innumerables vidas chapapoteadas.

A SANTA COMPAÑA DA COSTA

A asociación de ensinantes Area Negra logrou con medios moi reducidos coordinar un dispositivo de autobuses e reunir as máis de 100.000 autorizacións necesarias para que un exército de escolares ocupase o litoral entre Muxía e Laxe. Buscábase facerse costa, poñer o corpo no límite entre o océano e a terra, como querendo protexela do impacto do fuel, disfrazados de peces e animais mariños, facendo improvisadas tumbas, collendo as mans para afirmar a fráxil continuidade da comunidade e da cadea da vida no tempo. Logo, cos seus corpos, os escolares escribiron na praia de Traba a palabra VIDA: fronte a imaxe cenital dos helicópteros e dos medios de comunicación que, centrados na contemplación do desastre, invisibilizaba ás cidadás, estas quixeron así recuperar a forza e o lugar dos seus corpos.



Cadea humana de estudantes fronte á praia de Traba, 2003. Arquivo Vivo UGBN.



Escolares disfrazados para participar na Cadea Humana de Costa da Morte o 22 de Xaneiro do 2003. Arquivo Vivo UGBN.

Pasan os días e fica xa lonxe, lonxe, lonxe a imaxe perfeita e acompasada do mar bailando polas nosas costas. A situación non ha de cambiar por moito que cantemos o fermosas que son. Ha de cambiar se lle decimos a todo o mundo que o especial delas radica, unicamente en que son nosas. É hora de coller as cousas polo fondo, alá ben pola raíz, e limpa-lo todo de arriba abaixo. Hai que aventurar-se a vivir sen que os intereses neoliberais sexan quen de hipotecar-nos a vida. O tempo marcha e o minuteiro indíca-nos a hora de erguer os ollos ao sol, prender un facho co seu lume e queimar-lle a consciencia a quen hoxe está pensando en seguir a súa eterna repíchoa de falsidade. Agora toca-nos dicir que hai algo alén desta noite de morte.

Manifesto da Cadea Humana, do 22 de Xaneiro de 2003,
María Osorio López, 16 anos

MECOS E FANTOCHES

«¿Quen matou o Meco? O meco matámolo todos» lembra a memoria popular que, chegado o Carnaval, sabe inventar un corpo onde poñer todos os males, todas as dores. Ravacholes, Momos, Mikaelas, Máscaras, personifican o Entroido, e son os inimigos da renovación do Cosmos. Desa condición maligna derivase a frecuente necesidade do seu sacrificio, normalmente na cacharela. O seu simbolismo moitas veces mestúrase co da matanza do porco. E adoita incorporar significados políticos, asociados tradicionalmente a gobernantes e caciques. Durante as protestas, proliferaron as representacións fantocheiras dos responsables da xestión do Prestige, coa forma de cabezudos ou como mecos, suxeitos a diversas formas de vexación. Cartaces repintados, con chapapote nos ollos, siluetas mutiladas, e máscaras foron daquela habituais. Houbo xogos de Pin-Pan-Pun e queimas *in efigie*. Fíxéronse tamén *escrachés*, aínda que esta non era unha palabra daquela coñecida.



Celebración de xogos populares contra o Goberno, 2003. Foto Rosa Veiga, Arquivo Vivo UGBN.

PANTASMAS

Moitos dos mecos do Nunca Máis tiveron traxe de voluntario, luvas e máscaras respiratorias. Sobre os seus corpos escribíronse toda sorte de mensaxes en chapapote. Tamén as mans das apertas. Estes monos acabaron por ser coma fantasmas das protestas do 2003. Hai pouco, o grupo de teatro Chévere convocou estes mecos en asemblea na súa obra N.E.V.E.R.M.O.R.E., como pano de fondo, nunha rechamante imaxe da desmobilización colectiva. Do silencio que ven tras a tormenta.



Fotografía da obra NEVERMORE. Foto Tino Viz.

CABEZUDOS E SEREAS

De todas as figuras presentes nas manifestacións, as asociadas ao daquela presidente Manuel Fraga eran as máis populares, como o Cabezudo Manoliño, provisto dunha boa estaca (alusiva ao seu famoso «que pasen los antidisturbios»), ou a desacoucante figura mutante do Fragasaurio. Dragóns e basiliscos foron outras das criaturas fantásticas presentes nas manifestacións. Pero entre elas destacan as aparicións dunha serea chamada Milagros, feita pola veciña carnotá Carmen Armendariz, en homenaxe ás mulleres loitadoras da súa contorna. Esta criatura choraba lágrimas de chapapote, e acabou desfeita de tantas marchas ás que acudiu. No Nunca Máis manifestáranse moitas Maruxainas, ambiguas criaturas mitolóxicas do litoral, donas de poderes destrutivos e rexeneradores, ameazadas elas tamén pola forza humana das catástrofes.



Manifestación da dignidade en Madrid, 23 de febreiro, 2003. Foto Jorge Heis, Arquivo Vivo UGBN.

MÁSCARAS E MASCARADAS

Disfrazarse é devir, é volverse aquilo do que un se disfraza, é afirmar a continuidade do humano co animal, coa natureza, coas materias, do que un é co que non é. Dese principio nace a capacidade de inversión do entroido, cuxo carácter enigmático cristaliza primeiramente nas máscaras, co rostro de calquera na festa e para a festa. A «persoa» é, literalmente, en latín, «a máscara», porque hai una continuidade entre o rostro da festa e a identidade pública. Poñer unha máscara de cigarrón ou de felo é un modo de deixar de ser *un só* para ser *un máis*, pero non *un calquera*. A través dela falan tanto os mortos coma os ausentes. Esa enerxía política segue estando inscrita na máscara cando aparece na protesta política, sendo un dispositivo que, as veces, protexe o rostro do cidadán da identificación (ou dos gases lacrimóxenos), pero que, ao tempo, o volve visible, o singulariza, da conta da súa presenza singular e necesaria. Constrúe nunha volta a participación e o anonimato.

A proliferación de cascos e antefaces artísticos nas protestas foi notable. Unhas paródicas, outras alegóricas, traballaban nesa idea de traer o mar danado ás rúas: Peixes, Polbos, Percebes e Centolas, e até o mesmo Neptuno participaron dos desfiles. Os Peliqueiros colgaron a Bandeira do Nunca Máis como penachos, e elaborouse unha máscara de Boteiro-Petroleiro activando as linguaxes propias das caretas galegas.

A súa condición de memoriais populares espertou o interese do artista Sánchez Castillo no estudo artístico das máscaras de protesta, en contextos moi dispares, de Estados Unidos a Hongkong. Nelas recíclanse formas e materiais, revelan na súa singularidade una estraña fermosura política. Antigas canto radicalmente contemporáneas, son ferramentas e monumentos á protesta cidadá, forzosamente efémeros, que, ao se replicar como esculturas, acadan unha forma de repouso. Unha memoria. Como a da máscara do Melchor, un Rei do Chapapote.

OS REIS QUE TRAEN PETRÓLEO

O desfile do 4 de xaneiro de 2003 en Vigo para irlle cantar aos «Reis do Chapapote» constituíu unha verdadeira ocupación cidadá das festas mediante a organización dunha concorrida cabalgata popular. Nela probouse o camión que percorrería as rúas de Madrid o 23-F coa silueta do Prestige e un *sound-system* a pleno rendemento. As Súas Maxestades non aforraron traballo neses días. Uns paxes de Greenpeace acompañaron os Reis Magos na mañá do 6 á Presidencia do Goberno en Madrid, onde «entregaron unha caixas con chapapote para José María Aznar» pola «pésima xestión da crise e para que deixe de minimizar a catástrofe e aplique medidas urxentes».



Marí-festa acción "Os reis do chapapote", 4 de enero, 2003. Foto Rosa Veiga, Arquivo Vivo UGBN.

OS ROSTROS QUE LEVA O MAR

O traballo para o entroido dura o enteiro ano. O rostro é a acumulación do tempo. O voluntario alemán Sven Schwesch ficou en Carnota despois do Prestige e en compañía de Alicia Vázquez Vázquez, formou o colectivo Alivavá. Este organiza talleres con escolares para limpar as praias. Co co lixo que atopan nelas elaboran unha sorte de cabezudos, como Arcimboldos do refugallo mariño. As súas máscaras falan tanto da contaminación coma da ecoloxía. Veñen da marea e son o revelado do mar. Son tres xenios democráticos. O rostro da Marea Negra do piche, a cara da Marea Branca das voluntarias, e a máscara da Marea Multicolor, do ecosistema recuperado pero tamén todos os plásticos que aínda ameazan as vidas nos mares.

As *Máscaras Prestige* de ALIVAVÁ inspíranse en varias fases relacionadas co afundimento do Prestige nas costas galegas:

- 1. A Marea Negra:** máscara escura, negra, vomitando "chapapote".
- 2. A Marea Branca con pinceladas de luz (cor):** esperanza e superación grazas á avalancha de voluntarixs.
- 3. A Máscara de Cores:** un mundo de cor recuperado (por gran parte) pasada a catástrofe. Todas elas creadas con residuos recolleitos polas costas galegas, chaman a atención sobre a contaminación dos plásticos como unha terceira marea (despois da negra e da branca): a "Marea de Cores", que reflicte a continuidade dos combustibles fósiles e do petróleo do que a meirande parte dos los plásticos veñen feitos.

O CIRCO AMBULANTE DO PAÍS DE NUNCA MÁIS

En xuño do 2003, o colectivo Burla Negra puxo en marcha unha sorte de circo viaxeiro, o ambulante *País de Nunca Máis*. Mercaran unha carpa de 1.600 metros cadrados na que albergaron exposicións de fotografía e de banda deseñada, actuacións teatrais, monólogos, *performances*, monicreques, contacontos, proxeccións, concertos, talleres, cantares de cego e espectáculos para nenos. Na súa inauguración en Culleredo concorreran Siniestro Total, Doctor Cotomondongo e Os Frangos, coa participación literaria de Manuel Rivas, Suso de Toro e Xurxo Souto. Entón, o poeta Lino Braxe asinou un verdadeiro pacto de sangue colectivo: extraeu das veas dúas xiríngas e con sangue reescribiu nun lenzo a palabra «Nunca Máis». Era unha homenaxe a Lois Pereiro.

No seu periplo por Carnota e Pontevedra acolleu a toda sorte de artistas e asociacións. Bo sinal do carácter colectivo da empresa ofréceo a listaxe de colectivos que a fixo posible (Colexio de Xornalistas de Galicia, Colectivo Xapapote, Asociación Galega Artistas Visuais, Escola de Imaxe e Son de A Coruña, Ceber Muxía, Ciber Cháchara, Asociación de Músicos en Lingua Galega, Area Negra, Casa Encantada, Loquilandia, Sala Nasa, Zopilote SL, Asociación Galega de guionistas, Fundación Paideia, Haley Oleiros, Nordesía Produccións, Asociación Cultural Alexandre Boveda, Estero Artes Gráficas, e O Dezaseis).

A proposta recuperaba o mellor do espírito de iniciativas semellantes postas en marcha nos anos trinta pola Barraca Resol ou por Misións Pedagóxicas, a tradición dos casetos de feira –da liña de Barriga Verde– o Circo dos Muchachos ou os shows *contracultu-rurais* de Kukas ou d'O Mago Antón nos anos setenta, e tantas outros intentos de pensar unha cultura máis ou menos activista con dispositivos de movemento. Na mostra ofrécese unha pequena selección dos espectáculos. Ademais, contamos coa maqueta do recinto e cas lonas laterais do escenario, decoradas coas figuras xigantes de dúas voluntarias, a modo de Atlantes.



Espectáculo na carpa O País de Nunca Máis. Foto Lhosca Arias.



Escenario da carpa O País de Nunca Máis. Foto Lhosca Arias.



Prestige, Marea de cores, 2002. Máscara Alivavá.